


BOLETÍN DE INFORMACIÓN SOCIOLABORAL

Boletín núm. 23 - Outubro 2020

Produto interior bruto



O PIB galego reduciuse no 2º trimestre de 2020 en -14,5 puntos porcentuais, unha caída 3,3 puntos porcentuais menor á rexistrada en España. Esta caída representa unha redución interanual do PIB galego do -17,9%, inferior en 3,6 puntos porcentuais á rexistrada a nivel estatal (-21,5%). Trátase da maior redución do PIB nun trimestre na serie histórica e sinala a entrada en recesión das economías galega e española (Gráfico 1).

O avance do PIB estatal para o 3º trimestre de 2020 prevé un importante rebote en termos intertrimestrais, cunha suba do 16,7% que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual reduciríase nun -8,7 %.

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2015-2020

	% (T/T-4)	2015	2016	2017	2018	2019	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20
Galicia		2,8	3,3	2,3	2,2	1,8	1,9	2,7	2,7	3,7	3,7	3,7	3,4	2,8	2,4	2,2	2,2	2,2	2,3	2,3	2,0	2,1	1,9	1,7	1,7	1,8	-3,6	-17,9
España		3,8	3,0	2,9	2,4	2,0	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0	1,9	1,8	-4,1	-21,5

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

No 3º trimestre de 2020 a *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) reflicte para Galicia un aumento total da poboación activa de 36.500 persoas respecto do trimestre anterior (o 2,9%, incremento menor ao rexistrado no conxunto do Estado, que foi do 4.2%). En termos interanuais, en

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.227,4	34,5	2,9	-21,8	-1,7
España	22.899,8	924,6	4,2	-188,9	-0,8

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

Pola súa banda, o número de persoas ocupadas aumentou en Galicia en 32.200, o que supón un aumento do 3,1%, porcentaxe idéntica á do aumento da ocupación en España. En termos interanuais a evolución segue a ser negativa, cun descenso da ocupación do -2,1% e -23.100 persoas ocupadas, mentres que o dato correspondente para o conxunto do Estado amosa un descenso total de -697.500 persoas ocupadas, o -3,5% menos. A taxa de ocupación acadou en Galicia o 46,3% no 3º trimestre, valor inferior en 2,1 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no mesmo período, que foi do 48,4%. Para rematar coa análise da EPA do 2º trimestre de 2020, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 144.800, un aumento respecto do trimestre anterior do 1,6% (2.300 persoas paradas máis) e a taxa de paro rexistrada para Galicia redúcese nunha décima respecto ao 2º trimestre ata no 11,8%, mentres que a rexistrada en España incrementábase nun punto ata o 16,3%, logo de que o paro aumente en 355.000 persoas no trimestre, para un total de 3.722.900 persoas.

As distintas edicións do *Boletín mensual do paro rexistrado* publicadas ata o mes de setembro recollen unha redución do paro rexistrado no mes de xullo por riba do -5% respecto do mes anterior, e valores sen apenas cambios para agosto e setembro. En termos interanuais, os tres meses supuxeron una diminución continua do paro rexistrado, que pasou dun aumento do 18,9% de xuño a xuño a un aumento do 12,5% de setembro a setembro.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2020


3T20	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	175.311	176.951	176.574	-9.343	1.640	-377	-5,1%	0,9%	-0,2%	24.390	23.131	19.590	16,2%	15,0%	12,5%
Homes	74.777	75.125	74.357	-5.178	348	-768	-6,5%	0,5%	-1,0%	12.487	11.788	9.763	20,1%	18,6%	15,1%
Mulleres	100.534	101.826	102.217	-4.165	1.292	391	-4,0%	1,3%	0,4%	11.903	11.343	9.827	13,4%	12,5%	10,6%
<30 anos	23.802	24.236	24.934	-2.512	434	698	-9,6%	1,8%	2,9%	6.164	5.710	5.181	35,0%	30,8%	26,2%
entre 30 e 44 anos	58.035	58.295	57.309	-3.731	260	-986	-6,0%	0,4%	-1,7%	8.898	8.160	6.301	18,1%	16,3%	12,4%
>44 anos	93.474	94.420	94.331	-3.100	946	-89	-3,2%	1,0%	-0,1%	9.328	9.261	8.108	11,1%	10,9%	9,4%
Agricultura e Pesca	6.045	6.041	6.271	-226	-4	230	-3,6%	-0,1%	3,8%	925	1.019	1.292	18,1%	20,3%	25,9%
Industria	19.357	19.774	18.893	-981	417	-881	-4,8%	2,2%	-4,5%	2.250	2.380	1.332	13,2%	13,7%	7,6%
Construción	13.862	13.724	13.341	-806	-138	-383	-5,5%	-1,0%	-2,8%	1.559	1.380	978	12,7%	11,2%	7,9%
Servizos	121.372	122.005	122.191	-7.614	633	186	-5,9%	0,5%	0,2%	18.414	16.375	13.714	17,9%	15,5%	12,6%
Sen emprego anterior	14.675	15.407	15.878	284	732	471	-2,0%	5,0%	3,1%	1.242	1.977	2.274	9,3%	14,7%	16,7%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

O incremento interanual do paro rexistrado afecta a todas as categorías: sexo, idade ou sector de actividade.

Por sexo, este incremento afectou máis aos homes que ás mulleres (15,1% e 10,6% respectivamente). Por idade, foi especialmente intenso para os menores de 30 anos, para os cales o paro subiu por riba do 26% respecto da situación existente fai doce meses. As persoas de 45 ou máis anos foron as menos afectadas, se ben incluso entre elas o paro rexistrado subiu por riba do 9%. Por sectores de actividade, e tal e como é habitual neste trimestre, o sector servizos foi o principal redutor do paro rexistrado, mentres que o grupo de persoas sen emprego

Gráfico 2: Variación porcentual interanual do paro rexistrado en Galicia (xaneiro de 2018 a setembro de 2020)



As distintas edicións do *Boletín mensual de contratación* para os distintos meses do 3º trimestre de 2020 amosan tanto unha clara reanudación da actividade posterior ao levantamento do Estado de Alarma como a intensidade do parón na actividade laboral aínda existente. Así, mentres que o número de contratos asinados neste trimestre é máis do dobre respecto ao anterior, mantense aínda unha forte caída na contratación respecto ao mesmo trimestre de 2019 (o -27,2%). De feito, a redución interanual da contratación é, en termos porcentuais, maior que a producida no 1º trimestre, a pesar de que ese trimestre incluía dúas semanas de confinamiento en toda España.

Por sexos, o incremento na contratación supera o 100% en ambos casos, pero é máis intenso no das mulleres, onde os novos contratos superan nun 130% ós asinados no 2º trimestre do ano. En termos interanuais, pola contra, a diminución na contratación é case idéntica para homes e mulleres nos seus porcentaxes.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	%Var. trimestre año anterior
3º Trimestre 2020	233.968	124.857	114,4%	-87.494	-27,2%
Homes	123.092	62.150	102,0%	-45.706	-27,1%
Mulleres	110.876	62.707	130,2%	-41.788	-27,4%
<30 anos	76.752	45.008	141,8%	-36.410	-32,2%
entre 30 e 44 anos	93.428	47.438	103,1%	-32.204	-25,6%
>44 anos	63.788	32.411	103,3%	-18.880	-22,8%
Indefinido	18.502	7.851	73,7%	-5.066	-21,5%
Temporal	213.884	115.877	118,2%	-79.512	-27,1%
Prácticas / Formación	1.195	816	215,3%	-883	-42,5%
Otros	387	313	423,0%	-2.033	-84,0%
Agricultura e Pesca	12.359	6.874	125,3%	-68	-0,5%
Industria	40.329	19.572	94,3%	-1.649	-3,9%
Construción	10.201	2.549	33,3%	-1.401	-12,1%
Servizos	171.079	95.862	127,4%	-84.376	-33,0%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Todos os tramos de idade incrementan o número de novos contratos asinados en máis do dobre do trimestre anterior, e destacan os asinados para menores de 30 anos, nos que este incremento chega a superar o 140%. Porén, este mesmo colectivo é o máis afectado polo descenso na contratación en termos interanuais, superando o -32% de caída na contratación. O colectivo menos afectado por dito descenso é o de traballadores de 45 ou máis anos. Para dito grupo, os novos contratos descendieron case que un -23%

Os contratos indefinidos foron os que menos se incrementaron respecto do sucedido no 2º trimestre, facéndoo por debaixo do 74%. Porén, se atendemos á evolución en comparación co 3º trimestre de 2019, foi este tipo de contrato o que tivo un mellor comportamento, xa que o seu descenso limitouse ata o -21,5%.

Os contratos temporais asinados no 3º trimestre de 2020 supuxeron o 91,4% do total de contratos asinados

Por sectores de actividade, os contratos no sectores primario e de servizos incrementaron o seu número por riba da media de contratos, e foi a construción o sector que tivo un peor comportamento neste sentido. En termos interanuais, todos os sectores rexistraron un descenso no número de contratos asinados, se ben o sector agrícola-pesqueiro o fixo en menos dun -1%, e o industrial en menos dun -4%. Neste período de referencia foi o sector servizos o único no cal a redución foi superior á media de todos os sectores, cunha diminución no número de contratos asinados de case un terzo respecto ao 3º trimestre de 2019 (-33,0%).

A tendencia mes a mes da evolución da afiliación media á Seguridade Social no 3º trimestre é decrecente en Galicia segundo avanza o trimestre, mentres que en España a evolución dos meses de xullo e setembro é dun crecemento moito maior ao rexistrado en agosto. Este comportamento coincide coa tendencia típica en anos anteriores, se ben o habitual para o mes de agosto en España é que se produza contracción da afiliación, que este ano se mantivo en valores positivos. Polo tanto, o efecto da pandemia non se traduciu en unha variación das tendencias habituais observadas mes a mes, senón nas cantidades concretas de persoas afiliadas, cantidades que, logo da fortísima redución dos meses entre marzo e maio, amosan que parte desa afiliación se está a recuperar nos meses seguintes. Respecto a Galicia, mesmo os valores rexistrados de ganancia ou perda da afiliación media mes a mes non se separan moito dos rexistrados nos últimos anos para cada mes deste trimestre, pero en todo caso, o crecemento da afiliación no terceiro trimestre respecto do segundo tamén é máis intenso en Galicia do habitual en anos anteriores.

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 3er trimestre 2020

	Afiliacións media 3er trimestre 2020			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.005.668	1.012.794	1.011.799	19.026	7.126	-995	1,93%	0,71%	-0,10%	-35.496	-24.106	-17.748	-3,41%	-2,32%	-1,72%
España	18.785.554	18.792.376	18.876.389	161.218	6.822	84.013	0,87%	0,04%	0,45%	-747.659	-527.851	-447.062	-3,83%	-2,73%	-2,31%

Gráfico 3: Variación porcentual interanual da afiliación media á Seguridade Social Galicia-España (outubro 2019-setembro 2020)



Esta evolución supón que Galicia recupera a cota dun millón de afiliados á Seguridade Social que perdera o pasado mes de abril.

En termos interanuais a afiliación continúa en valores negativos. Aínda que a recuperación da afiliación non se está a producir coa mesma velocidade coa que se reduciu (gráfico 3), ao remate do terceiro trimestre a perda da afiliación reducírase ao 50,0% do seu valor máximo en España (xuño de 2020) e ao 43,8% do seu valor máximo en Galicia (maio de 2020). Ao comparar as evolucións interanuais, vemos que o decrecemento da afiliación media en termos porcentuais en España supera ao rexistrado en Galicia entre catro e seis décimas. A perda de afiliación en Galicia no mes de setembro era xa menor ao -2% con respecto ao mes de setembro de 2019, mentres en España mantense por riba desa cota. Tal e como xa se mencionou para o paro rexistrado, cómpre ter en conta que a evolución prevista da afiliación media previa á

pandemia era de crecemento, con medias de incremento nos meses previos ao Estado de Alarma do 1,4% en Galicia e o 2,0% en España.

Sinistralidade

Á data de peche deste Boletín, aínda non foron facilitados polo ISSGA datos de accidentes con baixa posteriores aos do 1º trimestre do ano, datos que xa foron recollidos no pasado número do Boletín. O análise da *Estadística de Accidentes de Trabajo* elaborada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social non permite facer unha distribución dos accidentes en función da súa gravidade por sectores de actividade, a diferenza do ISSGA. O que si permite é avaliar a evolución temporal da sinistralidade. Así, tomando como referencia á evolución ata o mes de agosto, último dato facilitado polo Ministerio, e tal e como sería previsible tendo en conta os meses de paralización da actividade derivados da declaración do Estado de Alarma e confinamento, a sinistralidade por accidentes de traballo reducíuse en Galicia nun -24%, tendencia que sempre ven marcada polos accidentes leves, moito máis numerosos, pero que neste caso tamén se ve acompañada nos accidentes graves, que baixan case un -22%. Porén, os accidentes mortais aumentaron no período, pasando de 35 en 2019 a 37 en 2020.

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Agosto 2019-2020)						
	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var
Agric.-pesca	1.425	1.274	-10,6%	342	453	32,6
Industria	5.705	4.367	-23,5%	489	436	-10,9
Construción	2.673	2.138	-20,0%	428	448	4,8
Servizos	8.647	6.242	-27,8%	149	128	-14,4
Total	18.450	14.021	-24,0%	231	217	-6,0

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (Xaneiro-Agosto 2019-2020)			
	Leves		
	2019	2020	% Var
Leves	18.095	13.734	-24,1
Graves	320	250	-21,9
Mortais	35	37	5,7
Total	18.450	14.021	-24,0

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* Ministerio de Trabajo e Economía Social

Por sectores de actividade, obsérvase unha redución do número de accidentes en todos os sectores de actividade, cos accidentes no sector primario ficando por riba do -10% de redución e o resto por riba do -20%, ata chegar ao sector servizos no que a redución de accidentes case chega ao -28%. Os índices de incidencia, pola contra, non amosan a mesma tendencia no seu comportamento, con reducións destacadas na industria e nos servizos, aumento do índice para o caso da construción de preto dun 5% e un incremento de case que un terzo do índice de incidencia dos accidentes con baixa en xornada laboral para os sectores agrícola e pesqueiro

Conflitividade

A información provisional máis recente facilitada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social a través da súa *Estadística de huelgas y cierres patronales* aporta datos do 1º semestre do ano 2020. Como é lóxico, as restricións de mobilidade e a parada na actividade laboral en case que todos os sectores produtivos fan que a conflitividade non tivese un comportamento habitual, o que dificulta calquera tipo de comparanza con períodos anteriores. De feito, os datos para Galicia indican que non se produciu ningunha folga entre os meses de abril a xuño, e son por tanto idénticos aos recollidos no 1º trimestre do ano, datos que xa foran moi baixos en comparación cos de anos anteriores debido en gran medida á chegada da pandemia.

Os datos para España do 1º semestre falan tamén dunha diminución moi acusada da conflitividade laboral no semestre, cunha redución do número de folgas do -52%, de persoas traballadoras participantes do -81% e das xornadas non traballadas do -53%.

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-xuño 2020)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	15	-30	5.796	-4.854	7.035	-14.503
España	227	-250	30.813	-132.604	224.723	-256.078

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

Expedientes de Regulación de Empleo

Seguen sen estar dispoñibles na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade datos relativos a Expedientes de regulación de emprego máis actualizados que os xa recollidos en anteriores edicións deste Boletín.

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Agosto 2020

	TOTAL		DESPEDIMENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS E REDUCCIÓN DE XORNADA			
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %	
Galicia	37.870	34.481	1.017,4	289	-1.099	-79,2	37.581	35.580	1.778,1	
España	968.452	918.938	1.855,9	5.383	-12.206	-69,4	963.069	931.144	2.916,7	

Estadística de expedientes de regulación de empleo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Consellería de Emprego e Igualdade, si que inclúe datos por traballadores afectados e tipo de expediente de regulación de emprego. De todos os xeitos, a entrada en vigor do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 fai inútil calquera tipo de comparación co sucedido na serie histórica.

Os datos recollidos amosan un incremento notabilísimo dos ERE presentados en España desde o mes de marzo, con porcentaxes de incremento que superan o 1000% no caso de Galicia e o 1850% no caso de España, incrementos moi acusados respecto ao período de referencia do ano anterior, pero menores aos observados de xaneiro a maio, período analizado na anterior edición deste Boletín, Este incremento atinxe exclusivamente aos ERE por suspensión de contratos e redución de xornada (que as estatísticas do Ministerio presentan de xeito conxunto), xa que os ERE por despedimentos colectivos reducíronse no período de referencia tanto en Galicia como en España (nun -79% e nun -69%, respectivamente).

No período de referencia, os Expedientes de Regulación de Emprego afectaron ao 3,1% da poboación activa galega e o 4,2% da poboación activa española.

Custos laborais e salariais

O resumo explicativo que acompaña á *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o 2º trimestre de 2020 recolle importantes consideracións á hora de valorar os resultados dos custos laborais e salariais no trimestre: Así, mentres que a xornada media pactada (total e parcial) en toda España foi de 34,4 horas, o que supón 0,2 horas máis que a media do mesmo trimestre de 2019, o tempo realmente traballado en media é -10 horas menor, sendo estas horas perdidas por causas técnicas, económicas, organizativas, de produción e/ou forza maior -incluíndo os ERTE-, fronte ás -4,4 horas perdidas do ano pasado no período de referencia. Esta anomalía axuda a explicar o comportamento dos custos laborais e sindicais, que se viron reducidos dun xeito importante. Segundo se recolle na *Encuesta*, o custo laboral por hora pagada en España baixou un -8,6%, posto que o 99,1% das horas non traballadas foron remuneradas (incluído as de ERTE)

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,0	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

trimestre nos últimos cinco anos. O incremento foi inferior en catro décimas ao rexistrado no conxunto do Estado.

O custo salarial reduciuse no -6,1% puntos respecto ao 2º trimestre de 2019 e acadou un total de 1.668,8€ por persoa traballadora e mes, des censo menor en -3,3 puntos porcentuais á media española.

Nos custos por hora efectiva, o crecemento do custo laboral en Galicia ficou no 11,9% (idéntico á media estatal) e o custo salarial no 11,4% (nove décimas por riba da media estatal) respecto ao segundo trimestre de 2019.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2020

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	812	180.991,4	366	305,9%	63	68,5%
Sociedades que ampliaron capital	246	124.636,7	136	212,7%	-12	-21,1%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

destas sociedades medrou aínda con maior intensidade, pois triplicou ao capital inicial das sociedades creadas no trimestre anterior, e incrementouse en máis de dous terzos respecto do mesmo trimestre do ano pasado, aínda que neste caso, o incremento de número de sociedades non acadou o 9%.As empresas que ampliaron capital tamén experimentaron unha melloría respecto do trimestre anterior, se ben obsérvase unha diminución próxima ao -5% no número de sociedades que ampliaron capital, e superior ao -20% no capital ampliado, respecto aos meses de verán de 2019.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 3º Trimestre 2020

	3T20	2T20	3T19
Sociedades disolvidas	230	95	197
Sociedades que reducen capital	48	40	57
Sociedades en situación concursal	53	39	5

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

En resumo, obsérvase unha notable variabilidade fronte ao atípico trimestre anterior, con indicadores que reflicten tendencias en aparencia contradictorias, como o incremento simultáneo do número de sociedades en situación concursal e o de novas sociedades mercantís. De novo, as dúbidas sobre a evolución da situación económica nos vindeiros meses, o número de sociedades declaradas en ERTE e as propias dificultades na tramitación destes fan que os datos deban ser tomados con cautela, quedando á espera dos datos de próximos trimestres e da evolución da pandemia para ter unha imaxe máis fidedigna do impacto da Covid-19 no comportamento das sociedades mercantís galegas.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o 3º trimestre, e logo de ser levantadas as medidas de confinamento, o Consello Galego de Relacións Laborais seguiu a aumentar o seu ritmo de actividade e proseguiu coas iniciativas na procura de facilitar novas canles de diálogo a organizacións empresariais e sindicais. Deste xeito, tanto as xuntanzas dos órganos colexiados do Consello como os procedementos de mediación e arbitraje e as mesas negociadoras de convenios proseguiron a desenvolverse de xeito principal por vía telemática, se ben xa foi posible realizar xuntanzas presenciais nalgúns casos.

Durante o trimestre o Consello seguiu a traballar en diversas actividades formativas sobre a utilización de plataformas dixitais dirixidas, de xeito sobranceiro, a organizacións sindicais e empresariais e persoas mediadoras e árbitras. Tamén tiveron lugar accións formativas destinadas a debater e profundar nas novidades recollidas no novo texto do AGA, actividades que seguirán a realizarse en trimestres posteriores.

Nos nove primeiros meses do ano rexistráronse 52 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA. As porcentaxes de mediacións aceptadas e de acordos están a ser inferiores ás obtidas en anos anteriores. No que atinxe á negociación colectiva, proseguiu a actividade do Consello na procura da sinatura de diversos convenios de sector.

No exercicio da súa función consultiva, o Comité Delegado de Ditames do Consello Galego de Relacións Laborais emitiu 18 ditames sobre ordes reguladoras de distintos aspectos do eido laboral, de novo un número inferior aos emitidos nos tres primeiros trimestres de 2020.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 602 - Fax 981 541 610



Así mesmo, os notables incremento por hora efectiva observados derivan do menor número de horas traballadas, debido ao efecto da pandemia de Covid-19 e á aplicación do Estado de Alarma a partir do 14.03.2020.

A Encuesta Trimestral de Coste Laboral do INE para o 2º trimestre de 2020 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia foi de 2.264,8,7€/mes no trimestre, o que supón unha descenso respecto ao 2º trimestre de 2019 do -5.6%. Esta diminución foi aínda máis acusada en España, ao acadar o -8,3%. o menor incremento rexistrado neste

Os datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) para o 3 trimestre de 2020 sinalan un forte crecemento na creación e capitalización de sociedades mercantís, logo da paralización que se produciu no trimestre anterior. Así, o número de novas sociedades mercantís superou non só ao do trimestre anterior, como era previsible, senón tamén ao mesmo trimestre de 2019. A capitalización

No 3º trimestre do ano incrementouse o número de empresas disolvidas, (135 máis que nos tres meses anteriores, 33 máis que no mesmo período do ano pasado). As empresas que reduciron capital, pola contra, mantivéronse en niveis similares aos períodos de referencia, incrementándose nun 20% fronte ao trimestre anterior, pero reducíndose en case un -16% respecto ao mesmo trimestre do ano pasado. Pola súa banda, as sociedades que entran en situación concursal amosan unha clara tendencia ao alza, aumentando en máis dun 35% respecto aos meses de abril a xuño, e multiplicándose por máis de dez fronte aos meses de verán de 2019.